

**Facerse presentes. As mulleres da familia real
castelá e o reino de Galicia na culminación
plenomedieval***

Diana Pelaz Flores**
Universidade de Santiago de Compostela

DOI: [10.17075/gtax.2021.005](https://doi.org/10.17075/gtax.2021.005)

* Este traballo levouse a cabo no marco do proxecto «Espacios femeninos cortesanos: Ámbitos curiales, relaciones territoriales y prácticas políticas en los reinos de la Península Ibérica ca. 1252-1504», con referencia PGC2018-099205-A-C22, concedido polo MICINN e cofinanciado pola Axencia Estatal de Investigación e o Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER). Gustaríame agradecer a Miguel García-Fernández a lectura deste texto e a corrección da tradución á lingua galega, así como aos editores deste volume os seus acertados comentarios para mellorar a versión final do texto.

** <https://orcid.org/0000-0002-5499-4739>. Membro do Grupo de Investigación de Referencia Competitiva «Síncrisis. Estudios en Formas Culturais», da Universidade de Santiago de Compostela.

INTRODUCCIÓN

A vinculación da raíña Violante de Aragón e o mosteiro de Santa Clara de Allariz é un feito sobradamente coñecido. A raíña, defensora da espiritualidade clarisa e da renovación impulsada polas ordes mendicantes, decidiu fundar un mosteiro no municipio ourensán no ano 1286 e reforzar a súa devoción cara á Orde de Santa Clara (Katz 2015, Vaquero Díaz 2021). A promoción de obras relixiosas era unha das funcións máis intimamente vinculadas ao oficio das raíñas medievais e das mulleres da familia rexia no seu conxunto, como defensoras dos ideais espirituais do reino e protectoras da fe cristiá¹. Agora ben, o feito de que a fundación se levase a cabo dentro do territorio que comprendía o reino de Galicia non debe ser pasado por alto. O enclave elixido pola raíña non se atopaba próximo a ningunha das súas propiedades señoriais e tampouco era un lugar de paso frecuente, cando menos no marco da itinerancia cortesá². En consecuencia, facíanse presentes dous suxeitos que non sempre se viron reivindicados pola historiografía recente, nin entre eles, nin respecto ao marco do poder político que constituía a corte: os membros femininos da liñaxe rexia, raíñas e infantas, e o reino de Galicia.

A corte castelá, ao igual que as súas homólogas peninsulares e mais europeas, caracterizábase polo seu semi-nomadismo, isto é, polo seu desprazamento ao longo dos territorios do reino por razóns moi diversas, que ían desde os conflitos políticos ou militares á representación da autoridade rexia, xa que era fundamental que o rei fose coñecido polos seus gobernados (*Cortes de los antiguos reinos* 1883: vol. I, 410, Carrasco Manchado 2008). A pesar da necesidade da monarquía de darse a coñecer ante os seus súbditos, os percorridos descritos polo rei, a raíña ou os infantas e infantas non conseguían abarcar a totalidade do territorio que aseñoraban, nin tam-

1 Pick 2017: 104-168.

2 Aínda que non se conservaron nin carta de arras nin documentos relativos ao dote de dona Violante, M^a Jesús Fuente, seguindo a Enrique Flórez, sinala que a raíña dispuxo, dentro do territorio castelán, de Valladolid, San Esteban de Gormaz, Astudillo, Ayllón, Curiel e Béjar, ademais de Hervás, Plasencia, Hontoria e Olmillos, e das prazas murcianas de Alguazas e Alcantarilla (Fuente Pérez 2016: 143-144 e 150). Acerca dos condicionantes á hora de elixir a vila de Allariz para promover nela o mosteiro, véxase o capítulo de Vaquero Díaz neste volume.

pouco visitaban coa mesma frecuencia todos os lugares polos que se movían³. O reino de Galicia é un bo exemplo desa menor presenza da monarquía⁴ ou, cando menos, doutras formas da Coroa de facerse presente, sobre todo a partir da unión dos reinos de León e Castela no 1230⁵. Destas estratexias de representación, xestión e goberno do reino tamén participan raíñas e infantas, a través de fórmulas, igualmente, diversas. Para iso fixarémonos na relación que mantiveron con aquelas prazas que, dentro do seu ámbito señorial, se inscribían na realidade galega, así como nas estratexias de promoción espiritual que emprenderon ao longo do século XIII. Todo iso sen deixar de lado o testemuño de ferramentas de tipo retórico que evidenciaban a capacidade das mulleres da parentela rexia para colaborar na imaxe e autoridade que a monarquía trataba de irradiar ao conxunto territorial que administraba.

NON HAI MONARQUÍA SEN RAÍÑA. DO SEU PESO POLÍTICO AO PROCESO DE DEFINIÇÃO AFONSINO

Afirmaba o Rei Sabio nas *Partidas* que o rei debía amar á súa muller «porque él et ella por casamiento segund nuestra ley son como una cosa» (*Las Partidas* 1807: Partida II, Título VI, Lei II, 42). Esta é unha das sentenzas que contribuíron a poñer de manifesto, desde o ámbito legal, unha realidade que se viña observando ao longo do período medieval. Fronte a outras figuras femininas da realeza, Afonso X salientou a da raíña en tanto que consorte e, en consecuencia, reforzou o peso do matrimonio como base do seu poder e fonte a través da cal recibía a graza divina que lle confería a súa autoridade rexia. O código legal afonsino non falaba doutros membros da parentela rexia, salvo a súa descendencia directa, isto é, os infantes e infantas, sobre os que se mencionaba brevemente como debían ser educados (*Las Partidas* 1807: Partida II, Título VII, Leis II-XIII, 44-54). Pola contra, non se insistiría, en cambio, no papel das irmás do rei, pezas chave dentro da política dos reinos de León e Castela entre os séculos XI e XII, do mesmo xeito que apenas se aludía á condición da

3 Non se trata dunha circunstancia que caracterice á monarquía castelá fronte a outras das súas homólogas, senón que pode apreciarse noutras, como a de Portugal, cuxa espacialidade se orienta arredor de Lisboa, Santarém, Évora ou Coimbra, como as principais prazas do reino sobre as que facer gravitar a corte (Costa Gomes 1995).

4 Esta afirmación garda relación coa itinerancia rexia, diferente doutras formas de representación da autoridade rexia ou da autoridade doutras figuras dentro da familia real, como os fillos do rei, particularmente visible no caso dos infantes Fernando e Sancho durante o reinado de Afonso X. A súa relación con Galicia é visible desde esferas diversas, que van desde a relación coas vilas de reguengo ao padroado relixioso, do que pode servir como exemplo a capela dedicada á Virxe no Mosteiro de San Salvador de Oña, a instancias de Sancho IV despois do seu ascenso ao trono (Senra Gabriel y Galán 2002).

5 Aínda que posteriormente á unión dos reinos o marco territorial galego puidese ser aproveitado para reivindicar a autoridade rexia, como aconteceu no caso dos infantes Fernando de la Cerda ou do seu irmán, o posterior rei Sancho IV (Olivera Serrano 2001).

raíña madre, cuxa influencia e peso específico a través da posibilidade do exercicio da rexencia si se contemplaban.

Aínda que, como sinalou Theresa Earenfight (2014: 123-131), as mulleres vían relegados os seus dereitos ao trono a favor dos varóns da liñaxe no proceso de definición experimentado pola monarquía ao longo do século XII, desempeñaron un papel nada desprezable na dirección dos reinos. Princesas e infantas convertéronse en instrumentos chave da acción política e diplomática, pola súa función como raíñas estranxeiras capaces de exercer unha importante influencia tamén a nivel cultural, ademais de converterse en transmisoras de lexitimidade, mediadoras naturais e transformadoras do espazo cortesán no que se insiren. A procura dun herdeiro varón e as prohibicións impostas polo dereito canónico respecto da afinidade de parentesco activaron notablemente as estratexias matrimoniais no continente europeo e a creación de novos vínculos a nivel diplomático cos reinos veciños, en ocasións moi distantes xeograficamente falando (Rodríguez López 2014: 23-29). Unha tendencia que precisamente se verá alterada co matrimonio entre Afonso X e Violante de Aragón, tras o que se consolidaron, aínda que por razóns moi diversas, as unións matrimoniais intrapeninsulares tras malograrse a chegada ao trono do seu primoxénito, o infante Fernando da Cerda, casado con Branca de Francia.

Grazas á obra de Afonso X tamén se daba cobertura legal á relevancia acadada polas mulleres que precederon á súa muller, a raíña Violante de Aragón, e a aquelas que a seguirían despois, como estreitas colaboradoras na gobernanza do reino, artífices de acordos e mais alianzas con outras monarquías, administradoras do territorio, símbolo solemne da maxestade rexia en cerimoniais ou entradas triunfais, ademais de gardiás da memoria dinástica e a devoción cristiá (Earenfight 2005). Coincidía o recoñecemento historiográfico da súa intelixencia e sagacidade políticas coa súa presenza en actos cruciais do goberno dos reinos, o que pon de manifesto a confianza depositada nelas por parte dos seus pais, maridos ou irmáns (Beceiro Pita 2009: 540-541). Por sinalar só algúns dos exemplos máis representativos, habería que lembrar a rápida actuación da raíña Berenguela ao achandar o camiño ao trono do reino de León para Fernando III exhibindo tanto a súa hexemonía sobre as principais prazas do reino –máis aínda, naquelas que lle correspondían como señora, como era o caso da cidade de Toro–, como no marco historiográfico (Shadis 2009: 73-96, Pelaz Flores 2020: 26-28). Tamén o faría Violante de Aragón negociando a paz en Córdoba coa insurrecta nobreza liderada por Nuño González de Lara non só en nome do rei (Doubleday 2015: 142-148), senón reinterpretando de forma autónoma as súas palabras para conseguir poñer fin ao conflito da forma máis rápida e eficaz posible e, aínda máis, «[andando] en lugar del rey por la tierra», de acordo coa expresión empregada anos despois por Sancho IV para referirse á actuación política e xudicial da súa nai no reino de León, establecendo un

claro paralelismo coa figura xurídica da «lugartenencia», como xa puxo de manifesto Francisco Hernández (2015: 94-99)⁶.

As mulleres da parentela rexia en xeral, e as raíñas consortes en particular, contaron co recoñecemento da súa autoridade e a súa capacidade de actuación en prol dos intereses familiares e, en definitiva, da monarquía. A súa posición dentro da liñaxe familiar concedíalles a oportunidade de desenvolver a súa axencia política de acordo cun carácter relacional que se conectaba non só cos seus propios intereses persoais, senón tamén cos do seu marido e fillos, aos que se podería engadir os da súa liñaxe paterna; aínda que, por outra banda, non se debería perder de vista a súa capacidade para influír e mediar, fomentando que as súas aspiracións se convertesen tamén nas dos membros masculinos do tecido familiar (Fuente Pérez 2016: 138-140). Un comportamento que garda estreita relación co condicionamento que o xenro imprimiu ás diferentes posicións que varóns e mulleres podían desempeñar no seo da familia real, sen o cal non se pode comprender nin a súa forma de actuar nin de relacionarse, incluso cando se inverten os roles para exercer a titularidade do reino, como demostra o caso da raíña Berenguela e a súa vontade de entregar o trono ao seu fillo, o ata entón infante Fernando (Pelaz Flores 2017: 309-312)⁷.

Falar do concepto de rexinalidade ou de poder rexio feminino no século XIII supón falar, máis aló da participación política das soberanas, de cambio e de adaptación; da súa vontade por involucrarse na andadura monárquica e do recoñecemento externo brindado ás súas accións, tanto cando eran comisionadas para iso como cando actuaron pola súa propia convicción, demostrando en ambos os dous casos un coñecemento amplo e preciso do funcionamento político e da relevancia da súa posición rexia. Tamén sería aproveitada a súa imaxe, desde o punto de vista retórico e simbólico, ademais de redobrar os esforzos destinados a diseminar a inxerencia da parella rexia para consolidar a imaxe e a percepción da monarquía, tanto no plano laico como eclesiástico. De todo iso tentarei ocuparme nos seguintes apartados.

6 Trátase dunha referencia verdadeiramente interesante, que establece unha conexión evidente coa expresión empregada polas raíñas aragonesas que ocuparon a «lugartenencia», como sinala Lledó Ruiz no seu estudo sobre a terceira muller de Pedro IV de Aragón e primeira raíña lugartenente, Leonor de Sicilia (Ruiz Domingo 2017). A raíña indicou que a súa responsabilidade gobernativa emanaba do rei, «del qual tenim loch», isto é, que se encontraba a exercer o poder no seu lugar, do mesmo modo que sentenciaba Sancho IV a propósito da función da súa nai no ano 1264. Se ben nos reinos de León e Castela a «lugartenencia» non chegou a institucionalizarse, como xa expuxen noutra ocasión (Pelaz Flores 2017: 253-255), en parte debido á presenza do rei no territorio que enseñorou, coa excepción da partida de Afonso X a Francia para entrevistarse co papa a propósito do *fecho del Imperio*, esta alusión documental non pode pasarse por alto en ningún caso, dado o valor semántico que posúe.

7 Co fin de comprender mellor as razóns que levaron a dona Berenguela a optar por ceder o goberno ao seu fillo e, en consecuencia, evitar calquera posible inxerencia por parte do que fora o seu marido, o rei Afonso IX de León, con relación á complexidade que supuxo a actitude do rei en canto que consorte do reino, pode consultarse a obra editada por Beem e Taylor (2014).

INSTRUMENTOS DO PODER REXIO NO REINO DE GALICIA E A SÚA RELACIÓN COAS MULLERES DA FAMILIA REAL

As visitas cortesás marcan, como xa foi sinalado, non só unha particular relación entre a familia real e o territorio, senón tamén unha forma de percibila, máis concretamente por quen se dispón a observala desde o noso momento actual. Con todo, existen outro tipo de indicios acerca da presenza da monarquía que deben terse en conta, posto que permiten coñecer algunhas das claves da comunicación política entre a Coroa e o reino⁸. Non só a través daqueles signos mediante os que a institución se facía presente por si mesma, como a moeda, senón tamén a través daqueles elementos que recoñecen a autoridade rexia e, sobre todo, que ofrecen unha imaxe concreta da Coroa e das persoas que a integran. Neste sentido, a intrincada rede tecida desde a corte pola raíña e os infantes cara aos seus oficiais marca o inicio da conectividade destes cun territorio moito máis amplo que o percorrido xunto á propia corte⁹. Porén, centrareime na simboloxía contida nos documentos chancelerescos de maior solemnidade mediante os cales as diferentes pezas da monarquía eran representadas ante as institucións galegas, máis aló da súa propia presenza física.

No caso do reino de Galicia, consérvanse algúns privilexios confirmatorios cuxa expedición se solicitou á chancelaría rexia para asegurar o desfrute de exencións, doazóns de lugares que se realizaran con anterioridade ou a consecución de recursos que asegurasen o mantemento, por exemplo, das institucións monásticas¹⁰. Ademais do acto de comunicación que se desprende a propósito, é relevante tamén sinalar que adoitaba producirse previa comparecencia na corte, en boa parte das ocasións aproveitando un momento de solemnidade para a Coroa, como a chegada ao trono dun novo soberano ou a reunión dos axentes de poder e representantes do reino que propiciaba a celebración de Cortes. Por exemplo, así se testemuña no caso da ratificación de todos os privilexios dos que gozara o mosteiro cisterciense de Santa María de Monfero, outorgada por Afonso XI de acordo coa petición que se lle

8 Habería que considerar tamén a necesidade de incorporar aos representantes do reino de Galicia nos sucesos relevantes para a monarquía, como as vodas dos membros da parentela rexia, por exemplo a notificación enviada por Afonso X ao concello de Ourense acerca do compromiso matrimonial da súa primoxénita, a infanta Berenguela (véxase o documento número 88 do diplomatario contido neste volume). A transmisión da mensaxe estimularía a proximidade desde a distancia, ademais de mostrar a importancia de atraer aos representantes dos diferentes territorios, nun proceso de comunión con eles fomentado desde a monarquía. Véxase o documento número 93 do mesmo diplomatario, en relación co agradecemento do rei cara á Igrexa de Santiago e os concellos de Santiago, Pontevedra e da terra de Santiago pola homenaxe prestada á infanta dona Berenguela ante o seu compromiso co primoxénito do rei de Francia.

9 Esta forma de «facerse presentes» podía supoñer un apoio ao fortalecemento da autoridade rexia no territorio pero tamén podía converterse, chegado o momento, nun foco de resistencia cara ao seu poder, ao estar baseada nas relacións de dependencia e lealdade coas diferentes figuras da parentela rexia. Concretamente, no reinado de Afonso X compróbase o interese no territorio galego tanto dos seus fillos máis vellos, o infante don Fernando de la Cerda e o infante don Sancho, como tamén da raíña Violante de Aragón, pero tamén na importancia á hora de conceder as tenencias galegas, en mans de personaxes de prestixio e próximos o sangue rexio, encargados de velar pola estabilidade do reino en nome do rei. Baste sinalar o caso de Afonso Fernández o *Neno*, fillo ilexítimo de Afonso X, tenente de Trastámara, coñecido como «príncipe de Galicia». Véxase nesta obra o capítulo de Francisco J. Hernández.

10 Precisamente pode consultarse neste volume o diplomatario confeccionado por Francisco Javier Pérez Rodríguez.

elevara nas cortes que tiveran lugar en Burgos, en 1315 (AHN, Clero, Carp. 505, n.º 13 e 16. 1315, agosto, 30. Burgos)¹¹. O monarca continuaba así co ronsel trazado polos seus proxenitores, de protección e benfeitoría cara ao tecido monástico galego¹².

O desprazamento ata a corte permitía evidenciar as condicións de vida destes centros, así como crear lazos que estimulasen as relacións para coa monarquía, tamén no relacionado coa nobreza, a Igrexa ou, en menor medida, os representantes urbanos con capacidade para falar en nome dos intereses galegos. Esta dinámica, que afunde as súas raíces en reinados anteriores, iríase afianzar a medida que transcorría a Idade Media, aínda que a representación do panorama urbano galego non acadase o mesmo peso que o das dezaioito cidades con voto en Cortes¹³. Deixando á marxe estas cuestións que desprazarían o noso foco de análise cara a un moi distinto, a comparecencia ante o rei ou a súa chancelaría solicitando a expedición dun novo diploma rexio é verdadeiramente relevante, en particular pola fórmula elixida para confeccionar moitos dos documentos orixinais conservados: a do privilexio rodado.

Lonxe de consideralo un mero soporte para conter unha acción legal determinada, a aparencia do documento pon de manifesto a importancia da sanción que lle brindan os actores cuxos nomes quedan rexistrados. Todos eles, incluídos os que actúan como confirmadores, eran considerados parte substancial da oficialización do contido do diploma, sen importar que estivesen presentes no momento da súa expedición (Arias Guillén 2021: 163). É, entón, cando se debe prestar atención á incorporación xunto ao rei doutras persoas da súa contorna familiar que tamén participan da acción contida no documento. Trátase dunha demostración do seu peso no seo do corpo político da monarquía, entendido como unha institución complexa, que supera os límites do corpo físico do monarca, por un lado, pero no que tamén se dá información acerca das circunstancias familiares que rodean ao soberano e o seu reinado, por outro.

Sen esquecer a importancia doutras fórmulas destinadas á exaltación da memoria que irán sucumbir co paso do tempo (Rodríguez López 2011: 297-301), a utilización da imaxe rexia, asociada aos outros membros da liñaxe, constitúe un elemento de grande alcance neste tipo de diplomas. En ocasións só de forma previa á listaxe de confirmadores, subliñando o seu peso na acción legal, noutras –máis habituais a medida que avanza o século XIII cara á Baixa Idade Media– tamén na intitulación documental, ao nome do rei únense o da súa muller e, cando menos, o do herdeiro. Mentres as dúas pezas da parella rexia son indisolubles, o terceiro elemento pode dar cabida non só ao herdeiro, senón tamén a outros dos seus irmáns –varóns, nesta altura do período, tendo en conta a ampla descendencia que procrearon tanto

11 *Cortes de los antiguos reinos*, vol. 1, cap. XL, cortes de Burgos, 293-299.

12 No diplomatario elaborado por Francisco Javier Pérez Rodríguez pode atoparse unha mirada máis precisa acerca da política confirmatoria desenvolvida polo monarca, en particular no tocante ao tecido monástico galego.

13 A cidade de Zamora pasou a encargarse de representar a voz das cidades galegas, o que evidencia a falta de peso específico á hora de poder transmitir as súas peticións de forma directa, a través dos seus propios procuradores (Carretero Zamora 2008, 99).

Fernando III e Beatriz de Suabia como Afonso X e Violante de Aragón–, cando menos nos documentos que se conservaron en relación con Galicia¹⁴.

En tanto que creador e mantedor da memoria en si mesmo, o privilexio rodado, diseminado ao longo e ancho do reino a partir da petición do interesado, contribuía ao recoñecemento dos seus soberanos como depositarios da autoridade rexia. A raíña desempeñaba un papel de chanzo entre o presente e o futuro dinástico, pero tamén lograba incorporar o principio feminino á representación da monarquía, de acordo coa complexidade corporal citada con anterioridade (Pelaz Flores 2018). Os nomes de dona Beatriz e dona Violante serviron para transmitir ese significado sobre o soporte escriturario, ademais de ofrecerlle un espazo específico xunto ao rei, reforzando o seu recoñecemento e relevancia, tanto política como simbólica, ante o reino. Neste sentido, a falta de referencia a dona Xoana de Ponthieu (ca. 1216-1279/r. 1237-1252) (Sánchez de la Mora 2007), segunda muller de Fernando III, non obedece a unha alteración no procedemento chanceleresco, senón que garda relación co momento de expedición documental: a produción de novos diplomas estaba intimamente relacionada coa chegada ao trono dun novo monarca, polo que as datas de expedición informan acerca do momento de comparecencia ante a corte e coinciden co momento de maior ebulición da produción documental.

Non resulta casual, polo tanto, que os privilexios expedidos a favor dos mosteiros de San Salvador de Chantada¹⁵, San Salvador de Celanova¹⁶ e a igrexa e mosteiro de Santiago Apóstolo no Burgo de Ribadeo¹⁷ se levasen a cabo nos dous primeiros anos do goberno de Fernando III, despois de ser recoñecido como soberano do reino de León de acordo co contido da Concordia de Benavente (11 de decembro de 1230), na que a raíña Berenguela desempeñou un papel chave, en particular despois do seu encontro coa raíña Teresa de Portugal nas vistas de Valencia de Don Juan (Martin 2007)¹⁸.

A expedición deste tipo de privilexios non se reservou, en todo caso, ao momento da chegada ao trono dun novo gobernante, como se aprecia polas da-

14 As infantas tamén participaron do proceso de representación da monarquía e dos seus usos retóricos, como se observa a través das diversas fórmulas diplomáticas empregadas nos privilexios rodados a propósito. Por exemplo, na confirmación realizada polo rei Afonso X da metade da igrexa de Santa María de Couso de Vilariño, de acordo coa doazón feita polo rei Afonso IX, o diploma contén a seguinte fórmula: «el rey Don Alfonso, regnant en uno con la Reyna donna Yolant, mi mugier e con mis fijas, la infante donna Berenguela e la infante donna Beatriz». A ausencia dun herdeiro varón no momento da redacción do diploma xustifica a inclusión das infantas (AHN, Clero Regular-Secular, carp. 1447, n.º 11. 1255, xaneiro, 19. Burgos).

15 Confirmáronse ao mosteiro todos os seus privilexios, mercés e exencións, así como os seus coutos e herdades. AHN, Clero, Carp. 1067, docs. 7 e 11. 1231, outubro, 27. Valladolid.

16 Nesta ocasión, tratouse da doazón do lugar de Moxios, en territorio de Baranceli, tal como no seu día fixera o rei Afonso IX de León, en Pantón, o 12 de abril de 1215. AHN, Sigil-Sello, C. 11, n.º 4. 1232, abril, 13. Ourense (data da confirmación polo rei Afonso X: 1255, marzo, 29. Sahagún). Noutro documento, datado tres días máis tarde, faciase doazón da illa de Santo Estevo e a concesión do privilexio de couto a favor do mosteiro de Coruxo. AHN, Sigil-Sello, C. 7, n.º 6. 1232, abril, 15. Ourense.

17 Tratábase da concesión da cuarta parte do froito das viñas. AHN, Estado, Atado 3167, Exp. 4 (n.º 19). 1232, novembro, 11.

18 Do total de doce castelos que se designaron como garantía do acordo entre Fernando III e as infantas, sete eran galegos: Lobancana, Cabreira, Candrei, Allariz, Santa Cruz, San Xoán de Pena Corneira e Milmanda. Os *fideles* destes: Rodrigo Gómez, Fernando Yáñez, Paio Arias, Xoán Pérez, Arias Fernández de Meira, Pedro Mañón, Pedro Mariño, Rodrigo Páez de Candrei e os seus fillos, os fillos de Melendo Blázquez, Rodrigo Suárez, Martín Gil de Asturias, Sebastián Gutiérrez, Ordoño Álvarez, Fernando Álvarez e Paio Pérez (Rodríguez 1994: 176).

tas que poden rastrearse ao respecto durante os reinados de Fernando III, Afonso X, Sancho IV, Fernando IV ou, incluso, Afonso XI¹⁹. A súa demanda e posterior conservación reforzaron a relación coas institucións monásticas galegas, aínda que tamén habería que ter en conta a expedición a favor doutros poderes do reino, tanto no que respecta á nobreza como ao tecido urbano (Arizaleta 2010). Fronte a monarcas como Afonso IX, que se fixo presente de maneira intensa no territorio galego a través das visitas que realizou a diferentes poboacións galegas (Rodríguez Ennes 2016) ou elixindo ser enterrado na catedral de Santiago de Compostela, outros soberanos insistiron en sancionar os privilexios outorgados polos seus antecesores, acompañados da alusión á familia real e a un nutrido grupo de confirmadores (Arias Guillén 2018). Porén, habería que ter en conta as novas concesións de mercés e privilexios polos reis plenomedievais, entre os cales á chancelaría do rei Afonso X reflicte unha fluída interacción co territorio galego, tanto no relativo ás institucións locais como ás relixiosas ou asistenciais²⁰.

O privilexio rodado trasladaba a idea da monarquía como a unión dos individuos que a representaban no momento concreto da expedición documental, insistindo na unidade matrimonial e aquel/es chamado/s seguir o seu ronsel no futuro. A raíña víase reforzada, como enlace entre pai e fillo/s pero tamén por si mesma, como figura política autónoma e independente, que podía outorgar mercés e privilexios e desenvolver un labor representativo a través da súa persoa. Coma o rei, a idea da condición rexia existía no imaxinario colectivo de forma arquetípica, provista dos signos do seu poder e dos elementos que caracterizaron a súa voz e actitude. O tombo do mosteiro cisterciense de Toxos Outos (A Coruña) é unha boa mostra diso. Nel contense a representación dun total de once figuras rexias, das cales catro están dedicadas a raíñas: Tareixa de Portugal, Urraca de León, Berenguela de Castela e Violante de Aragón. Composto por orde do abade don Sancho en 1289, enmarca o seu papel político e os signos de poder que se lles asocian (a coroa, a súa figura entronizada en actitude dialogante cara aos varóns que as acompañan), ademais de revelar a importancia desas personaxes na evolución do mosteiro (Nogales Rincón 2006: 103-105)²¹. Coas súas representacións deixábase constancia do significado concedido ás súas funcións, nun proceso de asimilación que se estimulaba a partir da recepción de mercés e privilexios, reforzaba a súa presenza en Galicia e informaba da adhesión á monarquía, tamén a través dos seus membros femininos.

19 En consecuencia poden rastrearse as sucesivas confirmacións de privilexios desenvolvidas por estes monarcas en beneficio dos mosteiros de San Salvador de Chantada (AHN, Clero Regular-Secular, carp. 1067, n.º 10. 1259, setembro, 26. Toledo), Santa María de Monfero (AHN, Clero Regular-Secular, carp. 501, n.º 2. 1258, abril, 21. Valladolid; AHN, Clero Regular-Secular, carp. 505, n.º 12. Valladolid. 1306, xullo, 26. Carrión de los Condes), Santa María de Melón (AHN, Clero Regular-Secular, carp. 1447, n.º 6. 1255, xaneiro, 12. Burgos) ou Santa María de Oia (AHN, Clero Regular-Secular, carp. 1825, n.º 7. 1329, xuño, 17. Madrid), por citar só algúns exemplos.

20 Para ter unha visión máis axustada da intensa política do rei Afonso X, pode consultarse o diplomático incorporado nesta obra, confeccionado polo profesor Francisco Javier Pérez Rodríguez.

21 Concretamente, a actitude coa que aparece representada Violante de Aragón permitiulle a M^a Jesús Fuente sinalar o paralelismo que existe coa representación da raíña Blanca de Castela xunto ao seu fillo, Luis IX, de acordo cunha actitude humilde aínda que demostrando a súa capacidade de consello e ensino, tamén debido ás influencias francesas na miniatura do cartulario coruñés (Fuente 2017: 69).

SEÑORAS E BENFEITORAS NO REINO DE GALICIA

Aínda que escasos á luz da documentación conservada, os contactos mantidos por parte das raíñas co reino de Galicia resultan de grande interese polos interrogantes que permiten formular a propósito. Tendo en conta que o territorio galego non forma parte dos percorridos máis habituais da monarquía, podería supoñerse que existe un maior estrañamento por parte da familia real. Que xustifica entón o auspicio e, máis aínda, a creación de casas monásticas no seu marco territorial? Constitúe un indicador das outras variables que se deben ter en conta á hora de comprender o funcionamento da relación entre a monarquía e o reino, con independencia do papel que desempeña a itinerancia cortesá? Ou, precisamente, é un elemento distintivo con respecto a outros territorios igualmente estraños aos seus percorridos? Atopar resposta a todas estas preguntas non é, nin moito menos, un propósito sinxelo.

Fronte a outros territorios igualmente minoritarios nas rutas dos desprazamentos rexios, o reino de Galicia contaba cunha serie de particularidades que non eran estrañas á monarquía. A presenza da tumba do Apóstolo Santiago xunto coa relevancia da sé compostelá constitúen dous activos de grande importancia, así retórica como simbólica, que se percibe, por exemplo, no outorgamento do oficio de capelán maior do rei a aquel que ocupase a dirección da diocese, que se estende ao longo da Baixa Idade Media²². O peso da Igrexa galega á vista da expedición de privilexios rodados confirmatorios faise tamén evidente, indicando o recoñecemento concedido ás dioceses de Lugo, Mondoñedo, Ourense ou Santiago, como parte interesada na exhibición da súa autoridade a teor do contido da acción documental²³.

Aínda que escasos, os testemuños documentais que sitúan ás raíñas e infantas na xestión do territorio e institucións galegas son representativos do empeño por involucralas na defensa dos intereses da monarquía fronte á nobreza, o que tamén podía resultar un estímulo á hora de outorgar mercés ás institucións monásticas. Este sería o caso do privilexio concedido pola raíña Berenguela ao cenobio coruñés de Santa María de Sobrado, no que comezou sinalando que «yo, donna Berengela, por la gracia de Dios, reina de León y Galizia, juntamente con mis hijos don Fernando y don Alonso, de mi propia y libre voluntad ago carta de donación, concepción, confirmación y firmaça a Dios y al monesterio de Sobrado y a vos, frai Enrique,

22 Salazar y Acha xa sinalou que moitos dos arcebispos de Santiago recibiron o oficio de capelán maior do rei, que exerceron de forma efectiva mentres se encontraron na corte. Se ben no século XIII xa se facía patente o costume de designar un prelado para asumir o oficio de capelán, desde o cal continuar o seu ascenso dentro da carreira eclesiástica, a entrega do cargo dentro do servizo rexio non tardou en consolidarse e asociarse ao titular da diocese compostelá (Salazar y Acha 2000: 223-224).

23 O exame da listaxe de confirmadores dentro dos privilexios rodados é sumamente interesante por ofrecer unha imaxe dos personaxes de maior prestixio político do conxunto do reino, tanto a nivel laico como eclesiástico, ofrecendo ademais a posibilidade de observar as variacións que poden introducirse ao respecto en función dos intereses territoriais contidos en cada documento de forma particular (García-Fernández/Pelaz Flores/Pichel Gotérrez 2020: 164-165).

abad», así como ao convento das monxas cistercienses a el adscrito, da herdade que lle pertencía en Villanueva de Cea, situada entre Mayorga e Valderas (AHNO, Osuna, CP. 46, D. 18. 1215, abril, 14. Sahagún).

Trátase dun documento interesante por varios motivos, xa que nel non hai referencia ningunha a Castela, aínda que a raíña era rexente do reino no nome do seu irmán, o rei Henrique I, o que demostra o seu interese por resaltar o vínculo que a unía a León e Galicia²⁴, reino do que ademais foi recoñecida como tenente por Afonso IX de acordo co seu contrato de arras (Bianchini 2012: 56-59). A concesión da tenencia a favor de dona Berenguela reforzou o vínculo coa monarquía a través da raíña fronte ao seu anterior titular, o conde Gómez González de Traba, sinalando unha práctica que se convertería en frecuente á hora de adxudicar os enclaves que formaron parte do señorío rexio, seleccionado lugares fronteirizos ou sensibles aos intereses nobiliarios, cuxa posesión se vía así reforzada desde a Coroa²⁵. Se ben é certo que dona Berenguela non acudiu a Galicia co seu fillo, o rei Fernando III, unha vez que se fixo co reino de León, para asegurar a posesión do territorio galego, a súa actuación cara ao mosteiro de Sobrado pode conectarse con outras accións de benfeitoría desenvolvidas polo propio rei, nas que se alude de forma expresa ao consentimento proporcionado pola raíña nai, facendo máis complexa a fórmula intitolatoria do privilexio rodado e mostrando, en consecuencia, a particularidade da súa autoridade real durante o reinado de Fernando III, de acordo co sistema de cogobernanza identificado por Miriam Shadis (2009: 10-20)²⁶.

As infantas veríanse, igualmente, involucradas nesta mesma práctica. A entrega de fortalezas ou prazas fronteirizas seríalles confiada en lugares tan destacados como a fronteira con Portugal ou nos confíns do reino de Galicia, como indican as posesións entregadas ás infantas Dulce e Sancha de León (Rodríguez López 1994: 178-180, Bianchini 2012: 191-192). Con iso insístese de novo na responsabilidade que se lles outorga na defensa de lugares con gran valor estratéxico desde o punto de vista da defensa e a autoridade sobre o territorio galego. Esta tarefa defensiva desenvolveríase no seu nome, dada a súa xuventude, o que pon ao descuberto a capacidade representativa que se concede ás infantas á hora de multiplicar a imaxe da monarquía, aproveitando para iso a todos os integrantes da familia real. Non obstan-

24 Dona Berenguela empregou con frecuencia esa mesma intitolación, non só en documentos relacionados con Galicia, senón tamén na concesión doutros privilexios outorgados, entre outros, ao mosteiro de Eslonza (Shadis 2009: 64-86).

25 As posesións galegas de dona Berenguela redondeábanse coa concesión dos castelos de San Paio de Lodo, Aguiar da Moá, Alba de Bunel, Candrei e Aguilar de Pedrayo (Rodríguez López 1994: 159).

26 A variación respecto á fórmula habitual resulta de grande elocuencia, como se aprecia no comezo dun privilexio outorgado a favor do mosteiro de Santa María de Oia polo que se lle ratificou a posesión das herdades, igrexas, doazóns, liberdades e privilexios concedidos previamente polos reis Afonso VII, Fernando II e Afonso IX de León: «Ego Ferrandus, Dei gratia rex Castillem e Toletum, Legionem e Galliziem, una cum vxore mea Beatrice Regina e cum filiis meis Alfonso, Frederico, Ferrando e (En)rico, ex assensu e beneplacito Regine domine Berengarie, genetricis mee» (AHN, Clero Regular-Secular, carp. 1789, nº 9. 1231, febreiro, 28. Salvatierra de Tormes).

te, tamén poderían asumir un papel máis activo na súa etapa adulta, como sinala a identificación da infanta dona Dulce como tenente da fortaleza de Santa Cruz, tarefa asumida nos anos finais da súa vida, cando menos entre 1239 e 1245, xunto coa infanta dona Sancha. A esta última tamén se lle encomendaría nas mesmas datas (1237-1245) a tenencia de Valdeorras, dentro dunha estratexia de administración e defensa por parte das mulleres da liñaxe común no territorio galego (García-Fernández, no prelo)²⁷.

Tan importante como a entrega de fortalezas foi a daquelas prazas que representaban intereses económicos de gran valor para a Coroa, como ocorre no caso da entrega da Coruña para as infantas Dulce e Sancha, un dos principais portos de reguengo da costa galega, instituído en 1208 polo seu pai, o rei Afonso IX (Barral Rivadulla 1998: 30-31). O núcleo reguengo tivo que afianzarse fronte á rivalidade do veciño Burgo de Faro, que se resistía a despoboarse en prol da expansión da praza fortificada (Ferreira Priegue 1988: 81), facendo necesaria a petición das infantas ante o rei Fernando III en 1235 para instar ao comendador a dar cumprimento ao mandato rexio e á súa autoridade como señoras da Coruña (Barral Rivadulla 1998: 29). A súa vinculación coa vila mariñeira facilitaría que, ou ben baixo o seu señorío, ou ben como recoñecemento cara ao seu labor como señoras por parte dos monarcas sucesivos, se concedesen prebendas como o monopolio do comercio e depósito do sal en toda Galicia (González López 1992: 217)²⁸, ademais de continuar os lazos que se levaron a cabo con outros poderes tan destacados no reino de Galicia como a Igrexa de Santiago, á que confirmaron a tenencia de 300 marabedís nas rendas da Coruña, como no seu día fixera o seu pai (González Garcés 1987: 169).

Precisamente a doazón realizada por Afonso IX a favor das infantas en 1217 contemplaba, así mesmo, a tenencia doutras vilas e territorios galegos, como os de Traba, Allariz, Milmanda e Ribadavia²⁹, mediante as que se aseguraría o mantemento do seu estado a través do cobro das súas rendas, ao mesmo tempo que se garantiu o seu mantemento dentro do reguengo ao reintegrarse na Coroa tras o seu matrimonio ou o seu falecemento; contribuíase, por outra banda, ao afianzamento da autoridade da monarquía fronte á posible inxerencia externa do abadengo e do señorío laico (González Garcés 1987: 168, Sánchez Chouza 2005: 156).

A unión entre ambos os reinos de León e Castela baixo o goberno de Fernando III non serviu para perpetuar a concesión de municipios que, dentro do espazo galego, fosen administrados polas consortes, nin tampouco polas infantas. En parte debido ao desprazamento da espacialidade rexia cara ao sur-leste da súa área xeográfica e tamén en relación coa súa vontade de expandirse cara ao sur da

27 Quero mostrar o meu máis sincero agradecemento ao autor, por permitirme consultalo aínda antes da súa publicación.

28 Documento datado en Vitoria, o 2 de decembro de 1255. Pode consultarse o número 87 do diplomático de Pérez Rodríguez, no presente volume.

29 Uniríanse a estas posesións a tenencia de Valdeorras, en mans da infanta dona Dulce, ao menos, en 1237, como acredita González Garcés (1987: 185).

Península. Con todo, habería que ter en conta a concesión entre as arras das raíñas castelás de municipios que salpicaron a ruta trazada polo Camiño Francés rumbo a Santiago de Compostela, como Nájera, Belorado, Castrojeriz, Burgos, Astudillo ou Carrión de los Condes; unha tendencia que conecta os señoríos entregados ás raíñas Leonor Plantagenet, Berenguela de Castela, Beatriz de Suabia e, posteriormente, Violante de Aragón (Cerdea Costabal 2016: 73-77, Rodríguez López 2013: 170-182, Fuente Pérez 2016: 143-144).

As mulleres de Fernando III, as raíñas Beatriz de Suabia e Xoana de Ponthieu, non tiveron ocasión de visitar o reino de Galicia ou, cando menos, os testemuños documentais e historiográficos non deixaron constancia diso. Como xa se indicou, o caso de Violante de Aragón é diferente. Aínda que tampouco resulta sinxelo situar a súa presenza en Galicia, o seu padroado relixioso expón unha relación moi estreita co reino. O seu testamento, estudado por Melissa Katz, é boa mostra diso, ao querer promover os conventos das Ordes de Santo Domingo e San Francisco radicados no soar galego, decidindo entregar a cada un deles 3000 marabedís (Katz 2013: 56 e 64, nota 44). A súa vontade veríase redondeada pola fundación do convento de Santa Clara de Allariz, concibido como espazo destinado a aloxar os seus restos mortais tras o estrañamento cara ao seu marido³⁰. Como parte do reguengo, non se trataba dun núcleo descoñecido para a familia real, pois foi visitado en varias ocasións por Afonso IX de León e posteriormente por Sancho IV, ademais de ser o primeiro lugar en recoñecelo como rei en Galicia (Katz 2015: 815-816)³¹.

Por último, habería que ter en conta a creación de redes entre os cortesáns e o persoal do séquito real e o territorio galego como outro marco de representación e de conectividade entre Galicia e a contorna da monarquía. Xa fosen de cargos capaces de situarse dentro do tecido cortesán ou das doazóns que emprenderan pola súa parte, ábrese un novo escenario de actuación e análise coa raíña como canal de transmisión. Algúns deles, como os capeláns García Blandes e Afonso Domínguez de León, serviron á raíña Violante de Aragón polo menos na última etapa da súa vida,

30 O maltreito estado económico da soberana, dadas as malas relacións co seu esposo na última parte do seu reinado, redundou en que a fundación do convento clariso e a concesión de mercés que facilitasen o afianzamento da comunidade fosen realizadas a instancias de Sancho IV, sinalando, en calquera caso, que estas accións se levaban a cabo a pedimento da raíña Violante. Conforme esas mercés, entregouse ao convento o privilexio de facer un novo poboamento que deixase exento do pago de moeda foreira a traballadores e poboadores (AHN, Clero Regular-Secular, carp. 1429, n.º 8. 1293, xullo, 12. Burgos), que puidesen dispoñer das súas herdades con liberdade (AHN, Clero Regular-Secular, carp. 1429, n.º 4. 1291, marzo, 22. Palencia), así como o privilexio de couto para esas mesmas herdades (AHN, Clero Regular-Secular, carp. 1429, n.º 9. 1293, xullo, 12. Burgos).

31 Sancho IV tamén estimulou as relacións da familia real con Galicia, a partir da concesión de diversas propiedades señoriais ao seu fillo, o infante Felipe de Castela, quen desempeñou ademais a dignidade de pertegueiro maior de Santiago. Tanto el coma a súa esposa, Margarita de la Cerda, encargáronse da administración deses señoríos, como indica a venda realizada por esta última á morte do seu esposo da terra de Parga e o castelo de Guitiriz, xa a comezos do século XIV. A súa vinculación con Galicia sería redondeada da man do enterramento que brindarían a unha das súas fillas na catedral de Ourense, de acordo coa identificación do sepulcro realizada por Eduardo Pardo de Guevara (2017: 441-442).

cando o proxecto devocionario de Allariz estaba en vías de alcanzarse, e como tales, serían recoñecidos e gratificados no testamento da raíña polo seu labor de asistencia espiritual (Katz 2013: 56). Non obstante, habería que valorar a incorporación doutros membros do servizo real que, vinculados ao reino de Galicia, tamén conseguiron articularse no ámbito cortesán xunto á consorte. Neste sentido, non pode deixar de mencionarse a doazón efectuada por María Fernández Coronel, ama da raíña María de Molina e da súa filla, a infanta Isabel de Castela, aínda que supere o propósito cronolóxico do presente traballo³². No seu caso, entregou ao cabido da catedral de Lugo as propiedades que tiña no couto de Santo Eusebio da Peroxa, situado en Ourense (AHN, Clero Regular-Secular, Carp. 1506, n.º 18. 1308, marzo, 9).

A expansión da lírica galego-portuguesa no espazo cortesán de Fernando III e, sobre todo, do seu fillo, Afonso X, foi crucial á hora de estimular a atracción de trobadores e poetas do ámbito noroccidental da Península Ibérica e favorecer a riqueza cultural, que posteriormente animaría outras cortes próximas, como a de Dinís I de Portugal a seguir o seu exemplo. Neste sentido, podería citarse o caso de Estêvão da Guarda, do que algúns autores suxiren que puido acompañar á raíña Isabel de Aragón no seu séquito e iniciar unha fulgurante carreira ao servizo de Dinís I (Homen 1987, Del Río Riande 2009: 48, nota 24), formulación que, aínda plausible, de acordo co papel feminino na dinamización cultural e literaria, suscita controversia ao contrastar con outros traballos que lle outorgan unha orixe netamente portuguesa (Pagani 1971).

O interese rexio por estimular un ambiente cultural refinado e acorde aos gustos do momento xa se comezara a sentir con forza da man de Leonor Plantagenet, quen favoreceu a chegada dun nutrido grupo de trobadores e xogares desde Gasuña e Provenza, ronsel que seguiron os sucesivos monarcas, avivando a produción lírica mediante a adaptación da temática e estrutura das composicións transpirenaicas (Cerde Costabal/Martínez Llorente 2019: 76-79). Raíñas e incluso infantas serían obxecto dalgúns dos versos elaborados por Garcia Burgalês ou Pero da Ponte, autor dun pranto dedicado á raíña Beatriz de Suabia despois do seu falecemento (Corral Díaz 2017), ademais do xa citado Estevan da Guarda (Corral Díaz 1996: 259-261). Nun momento determinado tamén podían converterse no obxecto da pluma destes trobadores, como Johan Zorro ou Gonçal´ Eanes do Vinhal, que dedicaron algunhas das súas cantigas á posible relación sentimental mantida pola raíña Xoana de Ponthieu cun dos fillos do seu marido, o infante Henrique. A forza da historia tratada nas súas composicións facilitou que estas chegasen a converterse en cancións populares, pero, sobre todo, revela o seu potencial para coñecer o clima vivido na corte, xa se tratase de visións mordaces ou dramáticas, desde a deformación dos feitos nos que participou a raíña –neste caso, representando o papel da amada– ou desde a veracida-

32 María Fernández Coronel foi a única muller nomeada, xunto cunha vintena de vasalos do rei no ano 1290, tenente de parte das rendas do señorío Trastámara, afincadas nas freguesías de Santo Estevo de Cesullas e de Santo Estevo de Soesto. Véxase o estudo neste volume realizado por Francisco Hernández.

de (Viñez Sánchez 1994: 1165-1166). Versos en que destaca a raíña Beatriz de Suabia, xa fose como esposa ou como nai do rei, pero nos que se lexitima, sobre todo, o papel das raíñas como referencia feminina ante o reino, isto é, como exemplo para o resto das mulleres, a través da alusión mariana, que tamén se converte nunha característica da devoción rexia (Souto Cabo 2016).

CONCLUSIÓNS

Aínda que desapercibido en moitas ocasións, o papel das mulleres da familia real non pode desligarse da actuación dos seus homólogos masculinos, tampouco con relación ao máis noroccidental dos reinos peninsulares. O reino de Galicia, que desempeñara un papel de gran relevancia na monarquía leonesa altomedieval, continuaría a formar unha parte fundamental do espazo rexio tras a reunión de León e Castela baixo o mandato de Fernando III e de vital importancia para a estabilidade do conxunto territorial durante o reinado de Afonso X. Pola súa parte, as mulleres da familia real foron experimentando unha delimitación máis clara das súas funcións, sobresaíndo de forma máis contundente a consorte rexia, aínda que sen esquecer o papel que a maternidade lle confería tanto como apoio do goberno do seu fillo como, chegado o caso, baixo a institución da rexencia. O diálogo establecido cos diferentes ámbitos de poder tamén fixeron de Galicia, nun momento dado, un escenario adecuado ou necesario para os seus intereses. Ocorreu baixo a tenencia de Berenguela de Castela, baixo o señorío de diferentes prazas por parte das infantas dona Dulce e dona Sancha de León, como tamén ocorrería tempo despois coa fundación de Santa Clara de Allariz por parte de Violante de Aragón ou, xa no século XIV, da man do pulso mantido entre María de Molina e o arcebispo compostelán Berenguel de Landoira. A falta de centralidade non era, pois, un pretexto para desprezar o marco territorial galego, senón para manter o seu control desde a monarquía mediante os seus diferentes representantes ou, chegado o caso, encontrar un lugar de refuxio que, ao mesmo tempo, fose estratéxico.

Neste sentido, hai que ter en conta que a raíña podía desempeñar dous papeis, non necesariamente coincidentes: por unha banda, mostrarse como símbolo retórico da unidade da familia real e, en consecuencia, recurso da estabilidade e o bo goberno do reino, e, por outra banda, desenvolver a súa actividade individual, na que se xuntaban a súa autoridade institucional e os seus intereses persoais. É entón cando se aprecia a súa participación nas loitas de poder e a súa conexión con outros axentes políticos, tanto masculinos como femininos, e coas institucións relixiosas, que lles permiten forxar unha imaxe de piedade que transcende os límites da súa vivencia persoal. En definitiva, cando se manifestan algúns dos vínculos que formarían parte do seu marco relacional, sobre o que se sustentaba a súa capacidade de actuación e a súa inxerencia política.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- ARIAS GUILLÉN, Fernando (2019): «*Algun fecho señalado que sea a honra del rey: royal privileges and the construction of royal memory in Castile (c. 1158-1350)*», *Journal of Medieval Iberian Studies*, 11:1, 40-58.
- ARIAS GUILLÉN, Fernando (2021): *The triumph of an accursed lineage. Kingship in Castile from Alfonso X to Alfonso XI (1252-1350)*, Londres/Nova York, Routledge.
- ARIZALETA, Amaia (2010): *Les clerics au palais. Chancellerie et écriture du pouvoir royal (Castille, 1157-1230)*, París, e-Spania ebooks.
- BECEIRO PITA, Isabel (2009): «La parentela regia femenina en los relatos cronísticos alfonsíes y bajomedievales», en M^a Isabel del Val Valdivieso/Pascual Martínez Sopena (dirs.), *Castilla y el mundo feudal. Homenaje al profesor Julio Valdeón*, Valladolid, Junta de Castilla y León/Universidad de Valladolid, vol. II, 531-546.
- BARRAL RIVADULLA, Dolores (1998): *La Coruña en los siglos XIII al XV. Historia y configuración urbana de una villa de realengo en la Galicia medieval*, A Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza/CSIC. Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento.
- BEEM, Charles/Miles TAYLOR (eds.) (2014): *The male behind the Queen: Male consorts in History*, Nova York, Palgrave Macmillan.
- BIANCHINI, Janna (2012): *The Queen's Hand. Power and Authority in the Reign of Berenguela of Castile*, Philadelphia, University of Pennsylvania Press.
- CARRETERO ZAMORA, Juan Manuel (2008): *La averiguación de la Corona de Castilla, 1525-1540: los buenos vecinos pecheros y el dinero del Reino en época del emperador carlos V*, Valladolid, Junta de Castilla y León, vol. 1.
- CERDA COSTABAL, José Manuel (2016): «Matrimonio y patrimonio. Las arras de Leonor Plantagenet, reina consorte de Castilla», *Anuario de Estudios Medievales*, 46:1, 63-96.
- CERDA COSTABAL, José Manuel/Félix MARTÍNEZ LLORENTE (2019): «Un documento inédito y desconocido de la cancillería de la reina Leonor Plantagenet», *En la España Medieval*, 42, 59-91.
- CORRAL DÍAZ, Esther (1996): *As mulleres nas cantigas medievais*, Santiago de Compostela, Seminario de Estudos Galegos.
- CORRAL DÍAZ, Esther (2017): «A morte en feminino na lírica galego-portuguesa: o pranto por Beatriz de Suabia», *Revista de Literatura Medieval*, XXIX, 91-106.
- *CORTES de los antiguos reinos de León y Castilla* (1883), Madrid, Real Academia de la Historia, 1.
- COSTA GOMES, Rita (1995): *A corte dos reis de Portugal no final da Idade Média*, Lisboa, DIFEL.

- DOUBLEDAY, Simon R. (2015): *The Wise King. A Christian Prince, Muslim Spain, and the Birth of the Renaissance*, Nova York, Basic Books.
- EARENIGHT, Theresa (2005): «Partners in Politics», en Theresa Earenfight (ed.), *Queenship in Political Power in Medieval and Early Modern Spain*, Burlington, Ashgate, XIII-XXVIII.
- EARENIGHT, Theresa (2014): *Queenship in Medieval Europe*, Nova York, Palgrave Macmillan.
- FERREIRA PRIEGUE, Elisa (1988): *Galicia en el comercio marítimo medieval*, A Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- FUENTE PÉREZ, M^a Jesús (2016): «Tres Violantes: las mujeres de una familia en el poder a lo largo del siglo XIII», *Anuario de Estudios Medievales*, 46:1, 137-165.
- FUENTE PÉREZ, M^a Jesús (2017): *Violante de Aragón. Reina de Castilla*, Madrid, Dykinson.
- GARCÍA-FERNÁNDEZ, Miguel (no prelo): «Nin santas, nin pecadoras; ou todo e máis. Da condición feminina ás voces e actuacións das mulleres na documentación medieval galega», *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*.
- GARCÍA-FERNÁNDEZ, Miguel/Diana PELAZ FLORES/Ricardo PICHEL GOTÉRREZ (2020): «Galicia e El-Rei ou como reinar desde a distancia: comunicación política arredor de dous novos privilexios rodados de Xoán II», *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, 23, 139-180.
- GONZÁLEZ GARCÉS, Miguel (1987): *Historia de La Coruña: Edad Media*, A Coruña, Caixa Galicia.
- GONZÁLEZ LÓPEZ, Emilio (1992): *Historia de la ciudad de La Coruña: la Edad Antigua y la Media*, A Coruña, Deputación Provincial.
- HERNÁNDEZ, Francisco J. (2015): «La reina Violante de Aragón, Jofré de Loaysa y la *Crónica de Alfonso X*. Un gran fragmento cronístico del siglo XIII reutilizado en el XIV», *Journal of Medieval Iberian Studies*, 7:1, 87-111.
- HERNÁNDEZ, Francisco J. (2021): «La piel del leopardo: Galicia y el ordenamiento territorial alfonsí», en José Miguel Andrade Cernadas/Simon R. Doubleday (eds.), *Galicia no tempo de Afonso X*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, 153-198, neste mesmo volume.
- HOMEN, Armando Luís de Carvalho (1987): «Um aragonés na corte portuguesa: Estêvão da Guarda (1299-1325)», en *Actas das II Jornadas Luso-Espanholas de História Medieval*, Porto, Centro da História da Universidade de Porto, vol. I, 195-200.
- KATZ, Melissa R (2013): «The final testament of Violante de Aragón (c. 1236-1300/01): Agency and (dis)empowerment of a dowager queen», en Elena Woodacre (ed.),

Queenship in the Mediterranean. Negotiating the Role of the Queen in the Medieval and Early Modern Eras, Nova York, Palgrave Macmillan, 51-71.

- KATZ, Melissa R. (2015): «A Convent for La Sabia. Violante of Aragón and the Clarisas», en James D'Emilio (ed.), *Culture and Society in medieval Galicia. A Cultural Crossroads at the edge of Europe*, Leiden/Boston, Brill, 812-836.
- *LAS PARTIDAS del rey don Alfonso X* (1807), Madrid, Real Academia de la Historia, II.
- MARTIN, Georges (2007): «Negociación y diplomacia en la vida de Berenguela de Castilla (1214-1246). Cuestionamiento genérico», *e-Spania*, 4.
- NOGALES RINCÓN, David (2006): «Las series iconográficas de la realeza castellano-leonesa (siglos XII-XV)», *En la España Medieval*, 29, 81-111.
- PAGANI, Walter (1971): «Il Canzoniere di Estevan da Guarda», *Studi Mediolatini e Volgari*, XIX, 53-179.
- OLIVERA SERRANO, César (2001): «Fortalezas y villas del rey: Notas sobre la frontera galaico-portuguesa en tierras orensanas a fines del siglo XIII», *Cuadernos de Estudios Gallegos*, XLVIII:114, 99-113.
- PARDO DE GUEVARA Y VALDÉS, Eduardo (ed.) (2017): *Mujeres con poder en la Galicia medieval (siglos XIII-XV). Estudios, biografías y documentos*, Santiago de Compostela, CSIC. Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento.
- PELAZ FLORES, Diana (2017): *Reinas consortes. Las reinas de Castilla en la Edad Media (siglos XI al XV)*, Madrid, Sílex.
- PELAZ FLORES, Diana (2018): «Reynante(s) en vno. Fundamentación teórica del poder de la pareja regia en la Corona de Castilla durante la Baja Edad Media», *Anuario de Estudios Medievales*, 48:2, 845-869.
- PELAZ FLORES, Diana (2020): «Casa, convento y palacio. La mujer en la sociedad de los siglos XI al XIII», en *Féminas. El protagonismo de la mujer en los siglos del románico*, Aguilar de Campoo, Fundación Santa María la Real, 15-39.
- PÉREZ RODRÍGUEZ, Francisco Javier (2021): «Diplomatario galego de Afonso X», en José Miguel Andrade Cernadas/Simon R. Doubleday (eds.), *Galicia no tempo de Afonso X*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, 43-152, neste mesmo volume.
- PICK, Lucy K. (2017): *Her Father's Daughter: Gender, Power, and Religion in the Early Spanish Kingdoms*, Nova York, Cornell University Press.
- RÍO RIANDE, M^a Gimena del (2009): «Trovadores de la corte dionisiana: poética nobiliaria y cancionero regio», en Olivia Rodríguez-González/Laura Mariño Sánchez (coords.), *Novas achegas ao estudo da cultura galega: enfoques literarios e socio-históricos*, A Coruña, Universidade, 41-55.

- RODRÍGUEZ ENNES, Luis (2016): «Cinco privilegios monásticos confirmados por Alfonso IX de León y Galicia en tierras de Laxe (A Coruña) el 25 y 26 de julio de 1228», *Revista de Estudios Histórico-Jurídicos*, XXXVIII, 179-200.
- RODRÍGUEZ LÓPEZ, Ana (1994): *La consolidación territorial de la monarquía feudal castellana. Expansión y fronteras durante el reinado de Fernando III*, Madrid, Consejo Superior de Investigaciones Científicas.
- RODRÍGUEZ LÓPEZ, Ana (2011): «La preciosa transmisión. Memoria y curia regia en Castilla en la primera mitad del siglo XIII», en Pascual Martínez Sopena/Ana Rodríguez López (eds.), *La construcción medieval de la memoria regia*, Valencia, Universitat de València, 293-322.
- RODRÍGUEZ LÓPEZ, Ana (2013): «Stratégies matrimoniales, stratégies patrimoniales: autor du pouvoir des femmes au royaume de León-Castille (XII^e-XIII^e siècles)», en Martin Aurell (ed.), *Les stratégies matrimoniales (IX^e-XIII^e siècles)*, Turnhout, Brepols, 169-191.
- RODRÍGUEZ LÓPEZ, Ana (2014): *La estirpe de Leonor de Aquitania. Mujeres y poder en los siglos XII y XIII*, Barcelona, Crítica.
- RUIZ DOMINGO, Lledó (2017): «*Del qual tenim loch*. Leonor de Sicilia y el origen de la lugartenencia femenina en la Corona de Aragón», *Medievalismo*, 27, 303-326.
- SALAZAR Y ACHA, Jaime (2000): *La casa del rey de Castilla y León en la Edad Media*, Madrid, Centro de Estudios Políticos y Constitucionales.
- SÁNCHEZ CHOUZA, José Manuel (2005): *A Coruña en la Baja Edad Media*, A Coruña, Edicións do Castro/CSIC. Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento.
- SÁNCHEZ DE MORA, Antonio (2007): «Doña Juana de Ponthieu, reina de Castilla y señora de Marchena», en Juan Luis Carriazo Rubio/Ramón Ramos Alfonso (eds.), *Actas de las XI Jornadas sobre Historia de Marchena: La mujer en la Historia de Marchena, Marchena: del 4 al 7 de octubre de 2005*, Marchena, Ayuntamiento de Marchena, 11-24.
- SENRA GABRIEL Y GALÁN, José Luis (2002): «*Ben per está aos reis d'amaren Santa María*: La capilla de Nuestra Señora en el Monasterio de San Salvador de Oña: una iniciativa de Sancho IV el Bravo (1285) en el marco de un panteón funerario», en M^a Dolores Barral Rivadulla/José Manuel Bernardi López Vázquez (eds.), *Estudios sobre patrimonio artístico: homenaje del Departamento de Historia del Arte y de la Facultad de Geografía e Historia de la Universidad de Santiago de Compostela a la Prof. Dra. M^a del Socorro Ortega Romero*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 141-164.
- SHADIS, Miriam (2009): *Berenguela of Castile (1180-1246) and Political Women in the High Middle Ages*, Nova York, Palgrave Macmillan.

- SOUTO CABO, José Antonio (2016): «En cas da Ifante: figuras femininas no patrocínio da lírica galego-portuguesa (I)», en Esther Corral Díaz/Elvira Fidalgo Francisco/Pilar Lorenzo Gradín (eds.), *Cantares de amigos: estudos en homenaxe a Mercedes Brea*, Santiago de Compostela, Universidade, 857-870.
- VAQUERO DÍAZ, M^a Beatriz (2021): «Santa Clara de Allariz, historia dunha fundación real (ss. XIII-XV)», en José Miguel Andrade Cernadas/Simon R. Doubleday (eds.), *Galicia no tempo de Afonso X*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, 275-297, neste mesmo volume.
- VÍÑEZ SÁNCHEZ, Antonia (1994): «Súplica y réplica: el infante don Enrique en la lírica gallego-portuguesa», en M^a Isabel Toro Pascua (ed.), *Actas del III Congreso de la Asociación Hispánica de Literatura Medieval (Salamanca, 3 al 6 de octubre de 1989)*, Salamanca, Universidad de Salamanca, tomo II, 1161-1170.

